

A administración electrónica nos concellos de Galicia

2010

Resumo executivo



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



OBSERVATORIO
da Sociedade da Información
e da Modernización
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

	Páxina
Introdución.....	3
1. Servizos electrónicos.....	4
2. Equipamentos, aplicacións e programas informáticos.....	9
3. Actuacións e melloras.....	18

Este estudo foi elaborado polo **Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)**, adscrito á **Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Presidencia da Xunta de Galicia**, no marco das tarefas de xestión encomendadas á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Esta actuación forma parte das iniciativas impulsadas pola **Axenda Dixital 2014.gal** no marco das actuacións de coordinación e promoción da eAdministración en Galicia que se desenvolven a través dos axentes implicados: **FEGAMP, Deputacións e Concellos**.

❖ **Obxectivo**: analizar a situación e grao de desenvolvemento da administración electrónica nos concellos de Galicia, ofrecendo información sobre o equipamento e as aplicacións informáticas, os procedementos e trámites proporcionados polos concellos a través de Internet así como as actuación e melloras necesarias para a súa modernización.

❖ **O traballo de campo** consta de **187 enquisas** e foi realizado en estreita colaboración coa Oficina eConcellos, a través dunha plataforma web habilitada no portal de Eido local.

❖ A enquisa consta de **tres módulos**:

- ❖ **Servizos electrónicos**
- ❖ **Equipamentos, aplicacións e programas informáticos**
- ❖ **Actuacións e Melloras**

❖ Esta operación estatística está incluída no **III Plan Galego de Estatística 2007-2011**


1. Servizos electrónicos

1.1. Sitio web da entidade

1.2. Procedementos e trámites proporcionados a través de Internet

1.3. Comunicaci3ns e participaci3n dos cidad3ns


Evolución dos concellos con sitio web por estrato de poboación



A existencia de sitio web nos concellos é practicamente xeral en todas as entidades, experimentando un crecemento de 35,9 puntos porcentuais no período 2006-2010 . Todos os concellos con máis de 5.000 habitantes dispoñen de páxina web e unicamente se detectan casos puntuais de concellos que carecen de páxina web en poboacións inferiores aos 5.000 habitantes, onde o dato se sitúa no 90,3%.

Procedementos e trámites proporcionados a través de Internet

Nivel de interacción medio dos procedementos




Base: Concellos con sitio web

Como valor medio, o 36% de concellos presenta un nivel de información-interacción electrónica de nivel 1 ou superior, sendo os niveis 0, 1 e 2 os máis frecuentes. Entre os concellos que teñen niveis de interacción 3, 4 e 5 o procedemento máis frecuente é o de “Queixas e suxestións”. Por estrato de poboación, os concellos de maior tamaño presentan uns niveis de interacción electrónica superiores.

Procedementos e trámites proporcionados a través de Internet

Intercambio de datos con outras Administracións Públicas


Acceso aos sistemas de información doutras AAPP para consulta



Base: Todos os concellos

Un 75,5% dos concellos accederon aos sistemas de información doutras AAPP para consulta e un 43,2% dos concellos recibiron certificados electrónicos doutras Administracións Públicas durante os últimos 12 meses.

Recepción de certificados electrónicos doutras AAPP




Base: Todos os concellos

Segundo o estrato de poboación, son os concellos de máis de 50.000 habitantes os que presentan a mellor porcentaxe de casos favorables, acadando o 100% nos procedementos de consulta e o 71,4% para a recepción de certificados electrónicos doutras AAPP.

Comunicacións e participación dos cidadáns

Canles de comunicación co cidadán



As canles de comunicación cos cidadáns que dispoñen a maioría dos concellos son o “correo electrónico” e o “fax”, mentres que a comunicación presencial con soporte informático ou os centros de acceso público a Internet xa están implantadas nun 74,7% e 61,9% de concellos respectivamente.

Catálogo de procedementos

Un 15,9% dos concellos dispón dun catálogo de procedementos. Destes, un 65,2% téñeno accesible a través de Internet.

2. Equipamentos, aplicacións e programas informáticos


2.1. Equipamento informático e de comunicacións

2.2. Aplicacións, programas e plataformas informáticas

2.3. Identificación e certificados dixitais


2.4. Recursos humanos

Sistemas instalados e funcionando na actualidade. 2006-2010.



A totalidade de concellos de Galicia dispoñen de ordenadores de usuario. Así mesmo, o emprego de ordenadores portátiles aumentou en 22,4 puntos porcentuais no período 2006-2010 e alcanza o 73,4%. No ano 2010, o 83,8% dos concellos de Galicia dispoñen de servidores o que representa un aumento de 15,8 puntos porcentuais con respecto ao ano 2006.


Sistemas instalados e funcionando na actualidade




Base: Todos os concellos

O 88,9% dos concellos dispón de Internet a través de banda larga e a práctica totalidade está conectada á rede da Xunta de Galicia aínda que só o 27,9% dispón de conexión á rede estatal.

Necesidades de mellora, cambio ou adquisición/utilización



Base: Todos os concellos




Base: Todos os concellos

Os principais puntos de mellora, cambio ou adquisición/utilización sinalados polos concellos son os referidos a ordenadores de usuarios e ás redes sen fíos, namentres que os aspectos que presentan unha necesidade menor son os relativos a servidores e a conexión á rede da Xunta de Galicia.

Equipamento informático e de comunicación

Disponibilidade de software libre nalgún equipo informático




Un 73,5% dos concellos galegos dispón de software libre nalgún equipo informático.

Base: Todos os concellos

Un 91,3% dos concellos de máis de 5.000 habitantes dispoñen de software libre, experimentando un **crecemento de 26,7 puntos porcentuais no período 2008- 2010**. A evolución máis significativa prodúcese nos concellos de 5.000 a 20.000 habitantes cun aumento de 29,3 puntos neste período.


Concellos con máis de 5.000 habitantes: Evolución 2006-2010



Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes


Nota: Os estudos dos anos 2006, 2007 e 2008 relativos ao software libre realizáronse aos concellos de máis de 5.000 habitantes, polo que as comparativas limitáronse a este ámbito

Aplicacións, programas e plataformas informáticas




Base: Todos os concellos

Módulos ou plataformas de eAdministración



Base: Todos os concellos

Persoas da entidade que usan algún certificado dixital para exercer as súas funcións




Base: Todos os concellos

Existe un número significativo de concellos que contan con persoal que empregan algún certificado dixital para exercer as súas funcións. **No 77,2% dos concellos, o alcalde emprega o certificado dixital e no 85,5% o Secretario ou Interventor.**

Número aproximado de persoas que traballan en actividades específicas de informática e TIC

Máis da metade dos concellos enquisados dispoñen polo menos dunha persoa que traballa en actividades específicas de informática e TIC, sendo o 100% no caso de concellos de máis de 20.000 habitantes.




Base: Todos os concellos

3. Actuacións e melloras


3.1. Actuacións e melloras

3.2. Barreiras á Administración electrónica


Concellos que teñen/usan as aplicacións de xestión interna total ou parcialmente




Concellos que teñen total ou parcialmente actuacións en Organización e Xestión do cambio



Concellos que realizan actuacións de difusión e promoción da eAdministración




Actividades informáticas realizadas polos concellos



Base: Todos os concellos

Percepción das barreiras á administración electrónica



Base: Todos os concellos

- **Universo:** Todos os concellos galegos. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) a 1 de xaneiro de 2010, o seu número ascende a 315.
- **Tamaño da mostra:**
 - 187 enquisas no módulo Servizos electrónicos.
 - 179 enquisas no módulo Equipamentos, aplicación e programas informáticos
 - 187 enquisas no módulo Actuacións e melloras
- **Tipo de mostra:** Estratificada. Segmentouse a mostra en función de dúas variables: número de habitantes e provincia. A asignación inicial da mostra foi proporcional, se ben, foi preciso realizar unha ponderación posterior para a análise de datos.
- **Erro da mostra:** No suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese xeral máis desfavorable ($P=Q=0,5$) e cun nivel de confianza do 95,5%, o erro máximo admitido no cálculo dunha magnitude absoluta é do:
 - 4,6% no módulo Servizos electrónicos.
 - 4,8% no módulo Equipamentos, aplicación e programas informáticos
 - 4,6% no módulo Actuacións e melloras
- **Tipo de entrevista:** Cuestionario electrónico (Internet).
- **Traballo de campo:** Do 9 de novembro de 2010 a 3 de xuño de 2011.

